



CONCELLO DE REDONDELA

Ref: ASR-31.12.16.12

De: Intervención Municipal

A: Alcaldía.

Asunto: Prórroga do orzamento.

A) Antecedentes:

- Expediente do orzamento do Concello de Redondela ano 2016.

B) Lexislación aplicable:

- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.
- Artigos correspondentes á Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Artigos 162 a 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo pola que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.
- Artigos 2 a 23 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título Sexto da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.
- Orde hap/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrucción do modelo normal de contabilidade local.
- Orde 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde 419/2014, de 14 de marzo.
- Bases de Execución de Orzamentos do Concello de Redondela do ano 2016.

C) Consideracións:

Primeira: os artigos 162 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo pola que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais e 2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título Sexto da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais establecen o orzamento como a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que como máximo, pode recoñecer a entidade e os seus organismos Autónomos, e dos dereitos que prevean liquidar durante o exercicio....

Segunda: os artigos 163 e 3 dos respectivos textos normativos establecen que o ámbito temporal do exercicio orzamentario coincidirá co ano natural.

Terceira: o apartado terceiro do artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo pola que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais e o segundo do artigo 20 do Real Decreto 500/90, de



20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título Sexto da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais recollen que o orzamento debe estar aprobado definitivamente antes do día 31 de decembro do ano anterior ó que deba aplicarse.

Cuarta: sen prexuício destas previsións normativas, ambos textos legais regulan o caso de que a aprobación do orzamento non se levara a cabo en dita data. Así, o apartado sexto do artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo pola que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais e o artigo 21 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título Sexto da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais establecen que:

- a) O Orzamento do ano anterior considerarase automaticamente prorrogado nos seus créditos iniciais.
- b) A prórroga non afectará ós créditos para servicios ou programas que deban concluír no exercicio anterior ou que estean financiados con créditos ou outros ingresos específicos ou afectados que foran a percibirse exclusivamente en dito exercicio.
- c) Tampouco afectará ás modificacións de crédito.
- d) Poderanse realizar axustes ó alza unha vez prorrogado o orzamento cumprindo os requisitos do apartado 3 do artigo 21 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título Sexto da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.
- e) En tanto non se aprobe o orzamento definitivo, o prorrogado poderá ser obxecto de modificacións orzamentarias.

En definitiva, ditos artigos non veñen a ser mais que o desenvolvemento do mandato do apartado quinto do artigo 112 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local establece a prórroga automática do orzamento do exercicio anterior no caso de non estar aprobado o orzamento do exercicio económico correspondente.

Quinta: de acordo coas previsións das consideracións anteriores e visto o orzamento deste ano nas súas previsións iniciais, os créditos de gastos que non deben ser prorrogados son:

No capítulo 6 de gastos, os créditos financiados con cargo a ingresos correntes municipais pero que tiñan coma finalidade un gasto específico a afrontar unicamente neste ano 2016 ou ben que por diversas razóns xa se ten a certeza de que non se van a afrontar e que se recollen no anexo I.

No anexo de investimentos do orzamento actual tamén se recollían as previsións de gastos de actuacións subvencionadas que unha vez acometidas non van continuar no ano seguinte. Son as establecidas no anexo II.



No anexo III recóllense finalmente as aplicacións orzamentarias que se prorrogarán para o ano seguinte. Ben son actuacións ou programas non finalizados, ben son obrigas autoimpostas polo Concello.

Polo que se refire ó capítulo 4 de gastos, o criterio seguido neste Concello foi o de non prorrogar aquelas aplicacións orzamentarias que contiveran convenios e cuxa contía total ascende a 177.000,00 €. Sen embargo, si se prorrogará a aplicación orzamentaria 3241A/4890001 sobre a que ó longo do ano se imputan gastos provenientes da sinatura de acordos cos centros educativos de autoxestión. O razoamento atópase en que baixo estes convenios o Concello cumpre coa súa obriga de atender os gastos correntes dos centros de educación infantil e de primaria. Recóllese no anexo IV.

Hai dous programas que rematan no ano 2016 e que en gastos atopábanse no capítulo 2 e no capítulo 1. O primeiro deles correspondíase coa segunda anualidade do Programa de emprego V e o segundo cos gastos a afrontar nos dous Obradoiros de Emprego rematados neste ano. Recóllese no anexo V.

Feitos por tanto estes axustes, obtense que:

ESTADO DE GASTOS

CAP	EXPRESIÓN	Créditos iniciais 16	Axustes baixa	Créditos prorrogados
1	Gastos de persoal	6.244.463,20 €	51.737,67 €	6.192.725,53 €
2	Gastos correntes en bens e servicios	7.529.984,65 €	57.298,51 €	7.472.686,14 €
3	Gastos financeiros	157.018,57 €	0,00 €	157.018,57 €
4	Transferencias correntes	1.276.684,88 €	182.000,00 €	1.094.684,88 €
6	Investimentos reais	2.149.312,16 €	910.864,20 €	1.238.447,96 €
7	Transferencias de capital	400,00 €	0,00 €	400,00 €
8	Activos financeiros	36.000,00 €	0,00 €	36.000,00 €
9	Pasivos financeiros	1.109.525,60 €	0,00 €	1.109.525,60 €
TOTAL		18.503.389,06 €	1.201.900,38 €	15.542.569,60€

ESTADO DE INGRESOS

CAP	EXPRESIÓN	Previsións iniciais 16	Axustes	Previsións prorrogadas
1	Impostos directos	7.171.923,58 €		7.171.923,58 €
2	Impostos indirectos	250.000,00 €		250.000,00 €
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2.391.995,00 €		2.391.995,00 €
4	Transferencias correntes	7.774.861,49 €		7.774.861,49 €



5	Ingresos patrimoniais	38.608,99 €		38.608,99 €
6	Venda de investimentos reais	160.000,00 €		160.000,00 €
7	Transferencias de capital	36.000,00 €		36.000,00 €
8	Activos financeiros	680.000,00 €		680.000,00 €
9	Pasivos financeiros	7.171.923,58 €		7.171.923,58 €
TOTAL		18.503.389,06 €		18.503.389,06 €

Sétima: dende hai uns anos, esta Intervención está desenvolvendo a clasificación económica e sete díxitos, buscando deste xeito unha racionalización do orzamento e que sexa quen de dar unha maior información ó estar esta mais desagregada. No orzamento do ano 2016 os capítulos 1, 4, 7 e 9 xa están co nivel a sete cifras. Dentro dese proceso, na prórroga vaise a proceder a establecer dito nivel nos capítulos 6 e 8, quedando deset xeito pendente só o capítulo 2.

Oitava: por outra parte, o apartado cuarto do artigo 165 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo pola que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais e o artigo 16 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título Sexto da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais recollen a prohibición de aprobar os orzamentos de cada unha das entidades sen déficit. Neste caso, obsérvase que o orzamento se aproba con superávit derivado dos axustes á baixa, mentres que no caso das previsións iniciais de ingresos non se realiza ningunha baixa.

Novena: a maiores, seguindo de novo o articulado do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e o Real Decreto 500/90, polos créditos anulados coma consecuencia exclusivamente de servicios ou programas que concluíron no exercicio anterior poderanse realizar axustes á alza para a finalidade disposta normativamente, previo informe da Intervención Municipal.

Décima: de acordo co apartado terceiro da base 9ª das Bases de Execución do Orzamento emítese previamente á Resolución da Alcaldía que aprobará a prórroga orzamentaria, este informe da Intervención Municipal.

Undécima: cabe referirse á competencia para a prórroga do orzamento. Nada din as normas citadas, se ben é certo que do artigo 112 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local establece a prórroga automática do orzamento. Sen embargo, a doutrina e a Consulta 10/93 da Intervención Xeral da Administración do Estado establecen que deben aprobarse expresamente os créditos que se prorrogan con axustes á baixa, producíndose a automaticidade da prórroga respecto dos demais créditos e previsións.

Polo que se refire ó órgano de aprobación, e en aplicación da letra s) do apartado 1 del artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, sería competente o Alcalde (de novo consulta 10/93 da Intervención Xeral da Administración do Estado). A maiores o apartado terceiro da base 9.3 das Bases de Execución do Orzamento do Concello recollen a competencia do Alcalde.



CONCELLO DE REDONDELA

Duodécima: así mesmo, hai que mencionar que o Orzamento do Concello de Redondela tamén está formado polos estados de previsión de Radio Redondela, S.L. entendendo que na súa prórroga hai que aplicar as mesmas normas que para a do Concello. Neste caso, e tralo análise das súas previsións iniciais enténdese que non debe procederse a realizar ningunha baixa, posto que as transferencias que recibe a entidade mercantil son case integramente do Concello e no capítulo 4 do estado de gastos do orzamento municipal mantense o crédito na aplicación orzamentaria correspondente.

Este é o informe da Intervención Municipal do Concello de Redondela.

Dilixencia de Alcaldía para deixar constancia da recepción deste informe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.